



# CONFERENCIA

## “URBANISMO E PATRIMONIO”

DE **CARLOS HENRIQUE FERNÁNDEZ COTO**

Arquitecto. Presidente da Asociación para a Defensa do Patrimonio Cultural Galego

**XOVES, 16 DE MAIO DE 2019 - 20:30 HORAS**

**CASA DA CULTURA**

conferencia

# URBANISMO e PATRIMONIO

Carlos Henrique Fernández Coto

Arquitecto.  
Presidente da Asociación para a  
Defensa do Patrimonio Cultural Galego

presenta  
Carlos Xosé Currás Pico

**XOVES, 16 DE MAIO DE 2019-20:30**  
CASA DA CULTURA DE VILALBA

IESCHA Instituto de Estudios Chairegos  
Concello de Vilalba

O vindeiro xoves, 16 de maio de 2019, ás 20:30 horas, na Casa da Cultura de Vilalba, o Instituto de Estudos Chairegos, en colaboración co Concello de Vilalba, organiza a conferencia sobre **URBANISMO E PATRIMONIO** a cargo do arquitecto **CARLOS HENRIQUE FERNÁNDEZ COTO**, que será presentado por **CARLOS XOSÉ CURRÁS PICO**.

*“O arquitecto de Rianxo Carlos Henrique Fernández Coto foi un dos distinguidos no ano 2018 cunha das medallas de ouro europea ao mérito no traballo, outorgada pola Asociación Europea de Economía e Competitividade. Ese ano foron 40 as distincións concedidas. Con este galardón, a entidade que as outorga pretende «recompensar, celebrar e recoñecer o éxito de empresas e profesionais cunha traxectoria exemplar a nivel nacional e europeo, con prácticas e iniciativas que apoian o espírito e a conciencia empresarial». Carlos Henrique Fernández Coto, cuxa traxectoria comezou en 1988, dixo mostrarse sorprendido cando recibiu a chamada na que se lle comunicaba que figuraba entre os elixidos. Asegura que descoñece que aspectos tiveron máis peso no seu recoñecemento, se a súa ampla traxectoria, o traballo que desenvolve na empresa Alforo, que fai traballos de enxeñería, arquitectura e valoración de bens, ou a súa preocupación co patrimonio. Esta última levoulle a ser un dos impulsores da Asociación para a Defensa do Patrimonio Cultural Galego, da que é presidente.”*

(A. GERPE, *La Voz de Galicia*)

*“Alí onde vas, por exemplo, ves que as casañas pequenas de toda a vida, as de baixo e un, teñen á beira outras que se converteron en baixo máis tres ou máis catro. Están acabadas, pero segue sendo feísmo, porque non era necesario chegar a ese punto. Iso en Francia ou noutros sitios non o fan. Atopámonos con que Galicia nun momento comezou a crecer cunhas normas xenéricas, sen plans urbanísticos, pero encima cando chegaron os plans foi peor, porque como xa estaban as casas de baixo e catro, pois todos querían facer así para ter o mesmo que o veciño. Iso igual non estaba mal se todas fosen así, pero é que vas a calquera pobo e ves de todas as alturas. E o que produce é que mentalmente o propietario dunha casa máis baixa pensa: non vou investir en conserva porque*

*algún día poñerei baixo e catro, co cal se abandona o vello en metade do novo. Cando en realidade habemos de pensar que todos os concellos están a perder poboación, non necesitan tantos pisos. É tamén a consecuencia de que moitos pensen que se vai a vivir do turismo e estamos a abandonar o sector primario: Que turismo imos ter, quen vai vir se non mantemos os nosos produtos do sector primario, que lles imos a ensinar ademais de Santiago e catro cosas máis? Vas á Bretaña francesa, que é o país que máis se parece a Galicia, e non ves animaladas desas.”* (MIGUEL OLARTE, *El Progreso*)



**CARLOS HENRIQUE FERNÁNDEZ COTO** (A Estrada, 1960), Arquitecto. Dende 2009 dirixe a oficina de rehabilitación de Rianxo. Con estudo na Coruña, deseñou entre outros, o primeiro almacén robotizado de Europa ou o pavillón para declarar a Torre de Hércules como Patrimonio da Humanidade. É autor da urbanización de As Burgas en Ourense, a pasarela á Cidade da Cultura ou a rexeneración do centro histórico de Padova. É presidente do Asociación para a Defensa do Patrimonio Cultural Galego.